



fotografía: Gonzalo Palacios

Saída para ver aves en Rouxque, xaneiro de 2000

Eu son socio do Colectivo Ecoloxista do Salnés, ¿e ti?

Por VÍCTOR CAAMAÑO RIVAS

Son socio do CES desde o ano 1993. Facía uns anos que xa coñecía a existencia deste grupo ecoloxista. Recordo perfectamente cando a principios dos anos noventa Joaquín comezaba, con moito esforzo, a realizar as súas primeiras denuncias; concretamente, agora pasa pola miña memoria o caso dos vertidos da gasolinera de Sanxenxo a un pequeno regato que utilizaban as leiras colindantes para o seu regadío.

Tamén naquela época coñecín a Pedro, "vitrinario" do Grove, que no mes de abril do ano 1988

foi un dos fundadores do que nos inicios se coñecería como Asociación Ecoloxista do Grove. Esta asociación, en xaneiro do 1991, ampliaba os seus horizontes e abría as portas a outras xentes da comarca con inquedanzas medioambientais e pasaría a chamarse definitivamente Colectivo Ecoloxista do Salnés. Desde entón a situación ambiental do Salnés vén sendo a preocupación e a dedicación deste colectivo.

A nivel medioambiental moitas cousas cambiaron no Salnés nos últimos 15 anos, e estoume a referir tanto ás positivas como ás negativas. Nós, desde o CES, estamos traballando para que a maioría deses cambios resulten beneficiosos para as persoas á vez que xustos coa natureza. Non é unha tarefa doada e cando algo consigues só te decatás despois dun longo periodo de tempo, polo que a paciencia e a forza de vontade son as nosas mellores armas.

¿É satisfactorio ser ecoloxista?

Inmensamente satisfactorio. Pensa que nunha loita desigual, onde o adversario sempre é o capital, é dicir, o PODER, se es forte podes plantar cara a situacións inxustas, e en ocasións incluso saír vencedor. E sen necesidade de falar de victorias, entra a valorar a motivación;



fotografía: Joaquín Costa

Excursión polo Ulla, maio de 2000

¿por que o fas?: simplemente porque cres que é xusto; ¿existe algún argumento mellor que este?

Neste momento recordo unha anécdota curiosa na cal un alto cargo dunha empresa do Salnés chamou ó CES para tentar unha negociación. Nos propuña que se cerrabamos os ollos nuha determinada cuestión, eles en compensación restaurarían certa zona natural. A nosa resposta foi clara: restaurade a devandita zona pero de cerrar os ollos no outro asunto, nada. Por suposto que non aceptou a nosa proposta, e a súa frase final foi moi significativa: *"debe de ser moi triste estar metido en tantas batallas e perdelas todas"*. Agora, valora ti esta frase e decide ó lado de quen estás: do poderoso que propón un "suborno" para subsanar unha situación irregular ou das persoas que propoñen o que cren xusto e que non esperan sacar ningún tipo de beneficio da situación.

Non te enganes; un ecoloxista non é o individuo que defende que por riba de todo hai que protexer certa especie; iso é folclorismo.

Para nós o primeiro son as persoas, pero para que estas persoas poidan ter unha vida digna e satisfactoria, é necesario coidar e protexer a integridade do entorno no que naceron, no que viven e no que deben nacer e vivir os seus fillos e netos.

Eu son ecoloxista. Eu son socio do Colectivo Ecoloxista do Salnés, e tal vez ti que les este artigo tamén o sexas; de non ser así, hoxe poderías ter unha boa excusa para facerte socio. Se algunha vez valoraches esta posibilidade, agora é o momento; pero faino por ti, e pensa que nos necesitamos mutuamente.

¡Volve á natureza!, de aí provés; estás en débeda con ela. ¡Volve a integrarte nela!; fai todo o posible por protexela empezando pola túa casa, o Salnés. Non é unha batalla pequena. Aquí é onde a túa participación pode ser importante. Deixa de queixarte porque pensas que as cousas non se fan ben, implicáete para que se fagan o mellor posible; neste asunto estamos nós e queremos ser máis.